

A Mesa lanza a campaña “Cárgate de sentido común” >>>>> 6

Preséntase na RAG e no Parlamento o Protocolo de Donostia >>>>> 7

## Milleiros de persoas reivindican na rúa un galego sen límites >>> 4-5

Suplemento  
realizado  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística

**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,  
18 de maio  
de 2017  
Número 12



## Mobilización a prol do dereito a restituír o apelido Diante do Xulgado de Corcubión



Cintia París

Despois de que unha estudante solicitara no Rexistro Civil de Corcubión a restitución á forma correcta en galego do seu segundo apelido, “Rei”, co fin de que constase coa forma “Rei”, a resposta foi negativa. O principal argumento deste rexeitamento foi que non se trataba dunha adecuación ortográfica para adecalo á lingua gramática galega, senón dun cambio de apelido, pois consideran que “Rei” pertence “ao acervo nacional” e non é o mesmo que “Rei”.

Para mostrar o seu apoio, A Mesa convocou unha mobilización diante do xulgado de Corcubión, sede do Rexistro Civil da comarca, polo dereito a galeguizar os nomes e apelidos á que asistiron medio centenar de persoas.

**“TODAS AS PERSOAS TEMOS DEREITO A CORRIXIR AS FORMAS DETURPADAS DOS SEUS APELIDOS”, DI MACEIRA**

Entregáronse no Rexistro as alegacións para que se permita a restitución do apelido “Rei” e, ademais, presentáronse diferentes documentos, entre eles, un ditame da Real Academia Galega que certifica que “Rei” é un apelido galego e escribilo con “y” é unha forma de deturpar o apelido e incorrecta ortograficamente.

O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, declarou que “todo o mundo ten dereito a chamarse polo seu propio nome na súa propia lingua tal e como di o Convenio-marco para a protección das Minorías Nacionais e como recoñece a lexislación española vixente”. Maceira engade que “todos temos dereito a corrixir as formas deturpadas dos seus apelidos, incluso Raxoi e Feixoo que, aínda que non fagan uso dese dereito, non poden impedir que os demais o fagan”.



## O Correlingua fixo entrega dos premios nas súas tres categorías

A edición está organizada pola CIG-Ensino, A Mesa e a AS-PG

Cintia París

Opasado 18 de abril tivo lugar a entrega dos premios Correlingua no que os participantes foron centos de rapazas e rapaces de diferentes centros educativos. Finalmente, os

gañadores das tres categorías que ían a concurso foron o CEIP Manuel Luís Acuña (Ourense) na categoría de Banda Deseñada; o CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal) na categoría de Vídeo; e o CPI Alfonso VII (Caldas de Reis) na categoría de Manifesto.

Cintia París é xornalista.

**Concentración diante dos Xulgados de Corcubión.**

Foto: A Mesa.

**Rapazas e rapaces asistentes aos premios do Correlingua.**

Foto: Cintia París.



A edición está organizada pola CIG-Ensino, a Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG). Durante o evento interviñeron o secretario da CIG-Ensino, Anxo Louzao; o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira; o presidente da AS-PG, Xoán Costa; o deputado de Innovación e Deportes da Deputación de Lugo, Pablo Rivera; o deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal, e a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín.

O presidente da Mesa, Marcos Maceira, apuntaba na súa intervención que “sen esta participación de todos os estudantes non sería posíbel vivir

este día tan reivindicativo” e que sinalou que agarda que “nos permitan vivir en galego sen cancelas todo o ano”.

O Correlingua é unha actividade escolar que dura todo o curso. Iníciase no primeiro trimestre coa convocatoria dos concursos por medio dos cales o alumnado reflexiona sobre a situación do noso idioma e crea os seus propios argumentos (manifesto, vídeo, banda deseñada) para defender o seu dereito a vivir e medrar en galego. Finalmente, no terceiro trimestre e no mes de maio teñen lugar as carreiras pola lingua, que percorren todo o país, sacando á rúa a mensaxe a prol do idioma.

**AO LONGO DE MAIO TEÑEN LUGAR AS CARREIRAS POLA LINGUA, QUE PERCORREN TODO O PAÍS, SACANDO Á RÚA A MENSAXE A PROL DO IDIOMA**

## Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

### Algúns adverbios

Xosé Ramón Freixeiro Mato

**O**s adverbios son palabras invariábeis que teñen a capacidade de modificaren un verbo (“Gosto moito diso”), un adxectivo (“É pouco interesante”), outro adverbio (“Mora bastante lonxe de aquí”) ou mesmo unha cláusula (“Felizmente, ficou satisfeito”). A pesar de constituíren unha clase de palabras moito heteroxénea composta por un número relativamente elevado de unidades, estas non son suficientes para expresaren todas as circunstancias de que a lingua precisa; por iso se formaron as locucións adverbiais, dúas ou máis palabras con función equivalente á dos adverbios, normalmente unha preposición máis un substantivo ou infinitivo (“a xeito”, “a varrer”); cando se trata da preposición a seguida do artigo e dun substantivo feminino, ambos costuman ir en plural (“ás veces”, “ás agachadas”, “ás voltas”, “ás avesas”).

Tanto os adverbios como as locucións adverbiais expresan circunstancias diversas (tempo, modo, lugar, cantidade, dúbida, orde, límite, realce etc.), algunhas de uso frecuente na lingua. Entre os de lugar destacan os antónimos “perto” (ou “preto” segundo a norma, embora sexa preferíbel o primeiro por o segundo se tornar homógrafo con outras palabras de significado diferente, para alén do criterio harmonizador co sistema propio) e “lonxe”, adverbio que tamén adquiriu valor adxectivo na lingua literaria (“lonxes terras”) e do cal se debe formar o derivado “lonxincuo” e non o castelanizante “\*lonxano” (“Mora nunha cidade lonxincua, perto do mar, con cerca de un millón de habitantes de raza preta”). Certo valor antonímico teñen tamén os pares de adverbios singulares do galego “acó/acá” e “aquén” (‘máis acá’, ‘da parte de aquí’) vs. “aló/alá” e “alén” (‘máis alá’, ‘do outro lado’), e os indefinidos “algures” (‘algún lugar’) e “ningures” (‘ningún lugar en concreto’); estas formas, xunto coa locución preposicional “alén de” tamén de valor aditivo (“Alén do dito”, “Mora alén daquelas montañas”), deben facer parte dun galego de calidade. O mesmo que o adverbio de lugar presentativo “eis” (‘aquí está’), equivalente a “velaqui” ou “velai”, que nor-

malmente vai seguido de artigo (“Eis o tesouro”), mais que tamén se pode ligar ao clítico de acusativo de terceira persoa (“–E as crianzas? –Eilas”). Non debemos esquecer igualmente o interrogativo medieval u, que pervive no galego actual tamén seguido de artigo (“U-lo tesouro?”) ou pronome clítico (“–Olla aquela bandeira. –Ula?”).

Canto aos adverbios de tempo, convén repararmos na aglutinación como unidades adverbiais de “acotío”, “decotío”, “decote”, “decontino”, “decontado”, “deseguida”, “deseguido”, “enseguida” e “pasadomañá”, ben como nas formas “antano”/“hogano” e “outrora” e “noutrora”/“arestora”; cómpre advertirmos igualmente que na oralidade “agora” é unha das palabras gramaticais que máis se utiliza so a forma castelanizada e que na linguaxe formal é preferíbel “aínda” antes do que “inda”. No relativo aos de cantidade, téñase en conta que nos superlativos, ao lado da forma apocopada “moí”, persiste a plena (“Moito obrigado por vires”); tamén se non debe prescindir da forma arcaica “asaz”, equivalente a “bastante”, con rendibilidade na lingua literaria (“Asaz selvosos lugares”, en Noriega); e repárese no carácter tradicional e aínda hoxe popular da colocación de “máis” antes dos cuantificadores (“E máis nada por hoxe”, “Queres máis algo?”, “Póñame máis catro ducias”).

A propósito dos adverbios de dúbida, alén de “quizais” e as súas variantes (“quizá”, “quizás”, “quizabes”), debemos distinguir entre as formas populares “disque” e “seica” e as máis formais “talvez” e “acaso”, distinción válida para as locucións “se cadra” e “se callar”; todas elas son lexítimas, embora conveña usalas en función do rexistro; porén, son desaconsellábeis “igual” e “ao mellor” para a expresión de dúbida, máis que probábeis castelanismos. Repárese aínda na conveniencia de non esquecermos adverbios de realce como “nomeadamente” ou “mormente”, de límite como “só” (e “soamente” ou “samente”, sen <s> final), “apenas” ou “mamente”, e de inclusión como “mesmo”, “mesmamente” e “até” con este valor; todos eles, xunto con outras formas xa comentadas deben estar presentes nun modelo de galego auténtico e con futuro.

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.

# Milleiros de persoas reivindicán un

## A reacción social a favor do galego é cada vez máis ampla e má

A plataforma cidadá Queremos Galego congregou milleiros de persoas nunha multitudinaria manifestación o 17 de maio baixo o lema “En galego sen límites”. A mobilización percorreu as rúas de Santiago de Compostela e puxo en evidencia os obstáculos das persoas galegofalantes para viviren en galego.

Cintia París

A cuarta feira 17 de maio, Día das Letras Galegas, tivo lugar en Santiago de Compostela a multitudinaria manifestación polo dereito a vivir en galego sen obstáculos, na que participaron milleiros de persoas. Baixo o lema “En galego sen límites”, Queremos Galego, plataforma formada por máis de 500 colectivos en defensa da lingua, puxo en evidencia os innumerábeis obstáculos para vivirmos en galego con normalidade, e a exclusión sistemática do idioma da maioría dos espazos. A manifestación saíu da alameda compostelá pasadas as 12h e rematou nunha atei-gada Praza da Quintana.

Conducido pola actriz Isabel Risco, o acto de peche contou coas intervencións do actor e director de dobraxe Miguel Pernas, da estudante Karina Pereira Rei, da avogada Guadalupe Vidal, da membro do Comité da empresa de Eurocen Patricia Cordo e do activista da lingua Cibrán Arxibai. A nota musical puxérona os regueifeiros Bieito Lobariñas e Josiño da Teixeira e a cantora e mestra Belem Tajes. Ao final do acto interveu o portavoz de Queremos Galego e presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira.

Na súa intervención, o portavoz de Queremos Galego puxo de manifesto que “non queremos a lingua por ser un complemento, senón que se trata dunha necesidade para o pobo galego, mais a Xunta de Galiza, co presidente Feixó á cabeza, non só incumpre a cativa legalidade que ampara o noso idioma, senón que non ten ningún problema en fachendear de actuar directamente en contra”.

### O galego no ensino

Tamén tivo palabras para o ensino, un ámbito en que o galego está maltrata-

do pola combinación entre a LOMCE e o decretazo, que “reduce aínda máis a presenza do galego nas aulas, até o punto de que é imposible que acade o límite máximo imposto. Nada de ensino en galego, só afogamento en castelán”.

En canto á valedora do pobo, Maceira quixo recordar o desleixo das súas funcións cando arquivou a investigación iniciada tras a queixa da Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino a respecto do menosprezo do galego nas aulas do país, “nin se molestou en consultar no DOG o horario das materias nas que está prohibido usar o galego [...] A Valedora só está ao servizo dos que odian o idioma do pobo galego”, recalcou.

Porén, o ensino non é o único ámbito de exclusión e de límites para o galego. Tamén citou “a nova ofensiva do Estado contra a lingua que obriga os concellos a publicaren os seus documentos no portal da administración en castelán. O resultado é o retroceso do galego na administración local”. Nesta liña, e en

**MACEIRA: “TEMOS QUE SEGUIRA RECONQUISTAR O DEREITO DE USO QUE NON TEN RECOÑECIDO O NOSO IDIOMA E AVANZAR CARA Á OFICIALIDADE REAL”**

alusión aos dirixentes do goberno galego, o portavoz de Queremos Galego asegurou que “non esperamos nada deles, mais si esiximos que cumpran o que acordaron e que deixen de pór paus nas rodas a quen defendemos a dignidade, a lingua deste país”. Saliéntou, a continuación, que “foi o pobo galego quen conseguiu os pequenos avances para o idioma e venceu as dificultades e os obstáculos que puxeron. Se a lingua galega está viva é porque a usamos e porque a defendemos”.

### Activismo

Marcos Maceira apelou ao activismo das persoas cando denunciou a ausencia do galego na maior parte da economía, da xustiza, da administración, do ensino, da saúde, do lecer ou dos medios de comunicación. Chamou a normalizala coa mobilización colectiva e coa nosa actuación diaria, repóndoa,



así, en todos os espazos onde aínda insisten en expulsala.

O portavoz da plataforma continuou o seu discurso facendo saber que “somos a única nación do Estado coa lingua propia a perder falantes mais, tamén, a única na que o pobo está só co seu idioma sen goberno que o acompañe”. Por iso, proseguíu, “é importante mobilizarnos en días coma hoxe e facer o que o goberno non fai [...]. É a nosa forza, a nosa constancia e perseveranza a que pode reverter a situación. Temos que seguir a reconquistar o dereito de uso que non ten recoñecido o noso idioma e avanzar cara á oficialidade real”.

Para gañar falantes, agregou, primeiro hai que ter a liberdade absoluta de empregar o noso idioma e, por iso, A Mesa está a chegar estes días

# galego sen límites

## is estendida



a toda Galiza a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para garantir o dereito ao uso do galego no ámbito socioeconómico e que recolle e adapta para Galiza o establecido na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos e no Protocolo de Donostia. Esta ILP pretende garantir o dereito a vivir plenamente en galego, sen barreiras nin discriminacións. Maceira anunciou que xa se superaron as 10 mil sinaturas necesarias para o primeiro debate parlamentario pero, aclara, “precisamos moitas máis para que non a freen, para mostrar a nosa forza e, sobre todo, para que toda Galiza sexa consciente dos de-

**MACEIRA: “A LINGUA É NOSA, DE TODAS AS GALEGAS E GALEGOS. É O NOSO PRINCIPAL PATRIMONIO, A QUE NOS FAI SER ALGUÉN”**

reitos que ten e dos moitos que aínda faltan por acadar”.

Para rematar, o portavoz de Queremos Galego quixo aclarar que cada vez somos máis as persoas cansadas das promesas incumplidas a respecto do noso idioma e reivindica que ninguén debería ter que explicar por que fala a súa lingua no seu país. “A lingua é nosa, de todas as galegas e galegos. É o noso principal patrimonio, a que nos fai ser alguén. Temos forza e esperanza porque en galego Galiza ten futuro. Queremos vivir en galego sen límites!”.

O acto finalizou coa interpretación do Himno Nacional a cargo de Antón, Bieito e Guillermo, os Gaiteiros AntiLomce.

**Manifestación do 17 de maio.**

Foto: Cintia París.

# A Mesa dá a coñecer a campaña “Cárgate de sentido común”

A Mesa presentou a nova campaña que se está a desenvolver co fin de impulsar a Iniciativa Lexislativa Popular para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. A ILP naceu con motivo das múltiples queixas que chegan á aplicación A Liña do Galego, queixas que poñen de manifesto a vulnerabilidade dos dereitos lingüísticos e a nula garantía lexislativa de que se poida exercer ese dereito a vivir no noso idioma.



Cintia París

Desde A Mesa destácase que a inexistencia da máis mínima opción no noso idioma por parte de empresas e servizos nega a liberdade para o emprego do galego e evidencia a situación de desigualdade.

Para pór fin a esta cuestión lánzase esta ILP, que conta con catro artigos: o primeiro fala do dereito das persoas consumidoras e usuarias a recibiren en galego toda a información, documentación e contratos sobre produtos e servizos, así como a seren entendidas e atendidas no idioma de Galiza polas empresas que lles prestan servizos ou subministran bens no noso país; o segundo artigo, dirixido ás empresas que prestan servizos, ás administracións

públicas e ás entidades do sector público autónomo e local de Galiza, para que inclúan o galego na atención ao público; o terceiro artigo refírese á opción de facer unha valoración adicional de todas aquelas entidades que promovan a normalización da lingua e que preguen a contratación de servizos da administracións pública galega; por último, o cuarto artigo diríxese ao Goberno galego, para que desenvolva unha campaña de concienciación cidadá nos medios de comunicación, con especial atención nos de titularidade pública.

Segundo o presidente da Mesa, Marcos Maceira, “estas cuestións son básicas, de sentido común, mais actualmente non están garantidas e o que se pretende é que o galego sexa unha lingua normal”. Por iso a ILP pre-

tende facer efectivo o dereito básico a empregarmos o galego sempre”.

Xa se están a recoller firmas por todo o país e a campaña xa conta cunha páxina web na que se informa de todos os puntos de recollida e as datas das mesmas para que toda aquela persoa que o desexe poida achegarse a asinar.

A URL da páxina é <http://sentidocomun.amesa.gal/> e nela poderase atopar, tamén, o obxectivo da campaña e a ligazón do documento completo co que se presentou a ILP e os motivos polos cales se está impulsando esta nova Iniciativa Lexislativa Popular.

## Curta

Dentro da campaña para impulsar a Iniciativa Lexislativa Popular para a garantía dos dereitos lingüísticos no

ámbito socioeconómico, A Mesa deu a coñecer unha curta onde se deixa ver a problemática dos galegofalantes no seu día a día.

No contexto da campaña *Sentido Común*, creada para conseguir sinaturas pola garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico, creouse SC, entendéndoa como unha forma de dirixirse ao público e mostrar unha realidade ás veces oculta.

SC presentouse como unha suposta webserie, unha ferramenta visual, atractiva e que xoga en certa maneira coas novas tendencias (está inspirada nun capítulo da serie *Black Mirror*) para conseguir viralizar a campaña. Nesta curta móstrase como ficción unha situación complexa para as persoas galegofalantes e como o día a día vai demostrando que é totalmente real.

Segundo o presidente da Mesa, Marcos Maceira, “o obxectivo da campaña é conseguir as sinaturas, mais sobre todo dar a coñecer a situación da lingua galega e reivindicar o dereito real de uso, moi limitado en todos os ámbitos, tamén no socioeconómico. Por iso entre outros medios máis clásicos como as mesas de recollida, os folletos ou vídeos explicativos, decidimos recorrer a outros formatos que permiten a reflexión mais demorada”.

Maceira engadiu que “calquera persoa que fale galego ou comece a facelo vaise enfrontar a estas situacións impropias dun contexto democrático e dunha lingua normal. O sentido común indica que deberíamos poder expresarnos na nosa lingua, que ademais é oficial, sempre e en todo lugar, mais na Galiza no ano 2017 iso non acontece”.

A Mesa pola Normalización Lingüística está a desenvolver unha intensa campaña por todo o país para dar a coñecer a ILP para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. Esta campaña ten data de remate o 21 de setembro.

A curtametraxe pódese ver na canle de Youtube da Mesa.

Cintia París é xornalista.

Presentación da curtametraxe *S.C. atrévete a vivir a experiencia?*

Imaxe: Cintia París.

# O Protocolo de Donostia chega á RAG e ao Parlamento de Galiza

Entre as entidades galegas que xa manifestaron a súa adhesión ao Protocolo para a Garantía dos dereitos lingüísticos figuran A Mesa pola Normalización Lingüística, a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega, a Asociación Profesional de actores e actrices da dobraxe de Galiza (Apradoga), a Coordinadora de traballadoras/es pola Normalización Lingüística, Escolas de ensino en galego A Semente ou Prolingua galega.

Cintia París

O secretario xeral de Kontseilua, Paul Bilbao, a profesora e membro do Comité científico do Protocolo de Donostia para a garantía dos dereitos lingüísticos, Pilar García Negro, acompañados por unha delegación da Mesa pola Normalización Lingüística formada polo seu presidente, Marcos Maceira, e a súa responsábel na Coruña, Celia Armas, foron recibidos polo presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixáns, xunto a Marilar Aleixandre e Fina Casaldereji, da Executiva da centenaria institución, para presentar o Protocolo de Donostia.

Segundo explicou Paul Bilbao, secretario xeral de Kontseilua, “o protocolo de Donostia é un documento internacional que continúa e concreta o establecido na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos de 1996 e que contempla

185 medidas para garantir o dereito a vivir nas linguas propias de cada territorio”. Na súa elaboración contou coas achegas dun centenar de entidades pertencentes a máis de 30 comunidades lingüísticas de Europa.

Tal e como indicaron os representantes de Kontseilua, entidade promotora, e da Mesa pola Normalización Lingüística, este documento foi recibido con grande interese e vontade de contribuír á súa difusión e aplicación por parte da Academia.

O presidente da Mesa, Marcos Maceira, sinalou a importancia do encontro entre a máis antiga institución da cultura galega no caso da RAG e da Mesa como a máis numerosa, e mostrou a súa satisfacción pola receptividade e interese manifestada tanto polo presidente da RAG como das membros da súa executiva presentes no encontro. Maceira destacou tamén a participación galega especialmente a través da presenza da Profesora Pilar García Negro no Comité científico do Protocolo que, segundo lembrou, dá tamén continuidade á Declaración Universal de 1996, do que García Negro foi correductora.

## No Parlamento de Galiza

Os representantes das entidades sociais de defensa do éuscara e o galego foron recibidos polo presidente do Parlamento galego, Miguel Santalices. A este encontro acudiu tamén Rosario Álvarez, vicepresidenta do Consello da Cultura Galega.

Maceira sinalou que é fundamental que “todos os grupos parlamentares e todas as institucións políticas galegas coñezan este documento para a súa aplicación tanto nas formas que poda ter a nivel legislativo ou, como está a facer agora mesmo a Mesa, aplicalo directamente a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular”. O presidente da Mesa lembrou que o Parlamento galego foi dos primeiros en aprobar por unanimidade a Decla-

**FICA CONSEGUIR MÁIS ADHESIÓNS DE AXENTES SOCIAIS E UNHA MAIOR IMPLICACIÓN POR PARTE DOS GOBERNOS**



ración dos Dereitos Lingüísticos e que é lóxico que coñeza de primeira man o Protocolo como continuación práctica e impulsada desde a sociedade daquel acordo. Maceira agradeceu o enorme interese mostrado polo presidente do Parlamento galego que coñecía moi ben o texto do Protocolo. Para A Mesa é moi importante que a primeira institución de Galiza escoite os movementos sociais en defensa da lingua.

Pola súa banda, á saída do encontro co presidente do Parlamento, Paul Bilbao declarou que “o Protocolo é unha ferramenta para pensar en positivo e unha ferramenta que aporta a sociedade civil para construír unha sociedade dentro duns parámetros integradores, de convivencia, de equidade e igualdade lingüística”. Tamén quixo

dar a coñecer cales serán os próximos pasos despois de que cada comunidade lingüística sinala as súas prioridades dentro do Protocolo e “cos axentes sociais e os poderes públicos construír pontes”. Para Bilbao “os procesos de normalización lingüística teñen que ser sociais e políticos: cómpre unha sociedade activa mais tamén que os poderes públicos se impliquen”.

Segundo apuntou Paul Bilbao, neste Protocolo hai varias novidades, como a terminoloxía, xa que se fala dos dereitos en primeiro plano, os suxeitos, que pasan a ser axentes sociais, e a proposta, que é concreta. Mais, tal e como dixo no seu discurso, quedan aínda algúns retos por conseguir: máis adhesións de axentes sociais, unha mellor preparación do caderno, unha maior implicación por parte dos gobernos, que sexa un referente para as institucións internacionais e crear unha base ideolóxica para un novo discurso.

Cintia París é xornalista.

**Reunión co presidente do Parlamento de Galiza Miguel Santalices.**

Imaxe: Cintia París.

# A Mesa difunde o informe A Lingua Galega na educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos

A Mesa pola Normalización Lingüística presentou o seu estudo anual sobre a situación do galego nas aulas de educación infantil que, nesta edición, pasa a recoller os datos das sete cidades ao conxunto de Galiza.



Segundo o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, “este estudo que facemos suple unha acción que a Xunta está obrigada a facer segundo o seu propio decreto”. Ademais das horas dedicadas a cada lingua, durante o proceso de enquisas preguntouse sobre os materiais que se usan no desenvolvemento educativo e en que idioma están estes materiais. Destaca a escasa de materias en galego fronte a materias didácticas en castelán e inglés. Tamén o agravio comparativo que supón que os materiais en galego teñan que ser elaborados polo propio profesorado fronte á grande cantidade de recursos en castelán e inglés. Neste sentido, Maceira afirmou que os materiais que existen é polo compromiso das e dos educadores e da iniciativa social ou privada dalgúns concellos, sen que haxa respaldo e promoción por parte da Xunta, que se desentende de poñelos a disposición das escolas.

Para levar a cabo este estu-

dio, dividiuse as poboacións en cinco tramos: de 0-5.000 habitantes; de 5.000 a 10.000 habitantes; de 10.000 a 20.000 habitantes; de 20.000 a 50.000 habitantes; e máis de 50.000 habitantes.

Maceira indicou que o estudo só recolle datos, e que estes poden presentar a limitación da resposta do “politicamente correcto”, visíbel na resposta “50%” ou “segundo decreto”, que resulta practicamente imposible de concretar na realidade nun tramo educativo como a educación infantil.

A resposta do “segundo decreto” ou “50%” é unha forma de amparo ante a distribución lingüística real dos centros que, na maioría dos casos, favorece o castelán, mais mostra tamén intencionalidade de distribución cara á equiparación.

#### Datos

Respecto aos datos obtidos, en ningún centro a lingua exclusiva é

o galego, mais, pola contra, existen moitos onde a única lingua nas aulas é o castelán, en porcentaxes que varían desde o 1% nos concellos de menos de 5 mil habitantes, ao 33% das cidades.

A este respecto só Vigo e Pontevedra modifican un contexto xeral de aumento da exclusión do galego con cifras que incluso no caso de Vigo acadan o 55%. En casos como o de Lugo, a exclusión absoluta do galego pasou do 0% ao 13%; do 6% ao 24% en Ourense; do 0% ao 7% en Santiago; do 7% ao 30% na Coruña; ou do 0% ao 29% en Ferrol. Este aumento xeneralizado da eliminación do galego é escandalosa.

Nos datos recollidos obsérvase a fractura entre o ámbito rural, con maior presenza do galego, e o urbano, onde a presenza do castelán, mesmo coa exclusión absoluta do galego, é evidente.

A Mesa reclamou a derogación do decretazo contra o galego e unha avaliación da situación compartida entre todos os sectores educativos que dea lugar a un novo decreto que garanta o ensino en galego “con amplo respaldo como tiña o anterior”.

Maceira criticou o anuncio dun Plan para a Mocidade cando se mantén en vigor un decreto que non teñen reparo en incumplir para evitar calquera resquicio favorábel ao galego.

A Mesa pola Normalización Lingüística está a realizar un traballo que lle corresponde ao goberno galego e á Secretaria Xeral de Política Lingüística. Neste caso e noutros moitos, son as entidades de defensa da lingua, e A Mesa en particular, as que exercen na práctica as función que lle corresponden legalmente á Xunta na promoción do galego. Non se pode consentir que continúe o desleixo no que ten a ver coa lingua galega. “Se a Xunta non o fai alguén o ten que facer”, di Maceira.

**Presentación do informe A lingua galega na educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos.**

Imaxe: amesa.gal